

DECRETO

EXPEDIENTE: 2022/PLANEAM/000024 (FG NÚM. 711)

ASUNTO: Aprobación inicial do plan especial de reforma interior do POL-35 (Mandín - Iñás)

Con data 18 de febreiro de 2025, a coordinadora de servizos urbanísticos emite informe do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“

1. OBXECTO DO INFORME E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000024 (FG NÚM. 711)
DENOMINACIÓN	Plan especial de reforma interior do POL-35 (Mandín - Iñás)
ENTIDADE PROMOTORA	Sociedad Inmobiliaria MASAR, S.L. (B-15.243.959)
ENTIDADE REDACTORA	Oficina de Planeamiento, S.A. (A15030422)
OBXECTO DO INFORME	O documento ten por obxecto formular o PERI do POL-35 Mandín en Iñás, desenvolvendo as determinacións do PXOM e ordenando detalladamente o ámbito.
DATA E NRE ENTRADA	NRE 2025001570, de 28 de xaneiro
TRAMITACIÓN AMBIENTAL	Emitido informe ambiental estratéxico (IAE) en trámite de avaliación ambiental, procedendo a tramitación simplificada. NRE 2023015647, de 18 de agosto
INFORME TÉCNICO	Con data 13 de febreiro de 2025, emítese informe favorable á aprobación inicial, coa condición de que se incorpore á normativa, de acordo co IAE: - No artigo 7 a obriga de uso da guía de cores e materiais da área paisaxística do golfo ártabro - No artigo 8 a necesidade de seguir os criterios da directrices da paisaxe (DX.06.f) e da guía de boas prácticas en intervencións de espazos públicos.

Figura no expediente informe favorable da Dirección Xeral de Aviación Civil de 25 de xaneiro de 2024, e tamén os informes de suficiencia de subministros (AquaOleiros, telefonía, gas, saneamento e electricidade).

2. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- [Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros](#), aprobado parcialmente por Orde de 11 de marzo de 2009 da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 75 de 2 de abril de 2009, DOG núm. 81 de 28 de abril de 2009); aprobación definitiva por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas

3. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Datos urbanísticos do ámbito e planeamento vixente

De conformidade coas determinacións contidas no artigo 133 do PXOM, as determinacións urbanísticas aplicables como consecuencia das determinacións da normativa vixente serían as seguintes:

POL-35 Mandín



Clasificación urbanística do solo	Solo urbano non consolidado	
Superficie	7.573,00 m ²	
Aproveitamento tipo	0,319 m ² / m ²	
Edificabilidade máxima	0,35 m ² / m ²	
Datos de usos Observacións	Vivenda colectiva	1 – 70%
	Vivenda colectiva protección	0,70 – 30%
Condicións xerais	A actuación ten por obxecto o acabado dun baleiro na estrutura urbana do núcleo de Iñás contigua á actuación urbanística do PAU-PP-13. A actuación respectará o arboredo singular existente no interior do ámbito.	

Ha de terse en conta, en relación coa vivenda sometida a algún réxime de protección pública, que o PXOM deséñase cunha capacidade de solo residencial suxeito ao réxime de protección oficial que no conxunto das diferentes clasificacións de solo de nova urbanización acadaba o 33,86%, cumprindo con amplitude o estándar establecido na Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo.

O Concello pleno en sesión de 9 de xullo de 2014, ao amparo da Lei de 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e da Resolución de 6 de marzo de 2014, pola que se fixaban as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida, adoptou acordo en relación a unha rebaixa da porcentaxe de reserva de solo para vivenda protexida prevista no PXOM de Oleiros, fíxandose no 10% e prevéndose a súa aplicación respectando a distribución porcentual do plan xeral a cada unha das áreas de reparto.

Posteriormente, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, por Resolución de 13 de febreiro de 2020, publicou as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ao ano 2020 (publicadas no DOG núm. 36, de 21 de febreiro de 2020). A porcentaxe fixada para o Concello de Oleiros fíxose en 4,77%, sendo a porcentaxe media para o conxunto de Galicia de 6,40%. Así, tras as tramitacións oportunas, mediante acordo do Pleno de data 11 de marzo de 2020, apróbase a aplicación da porcentaxe de reserva de solo para vivenda protexida do 6,40%, anexando unha táboa na que se establece a nova porcentaxe de reserva aplicable a cada sector.

A última resolución realizada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo en relación coas porcentaxes de reserva publicouse no DOG núm. 157, de 14 de agosto de 2024. Establece unha porcentaxe de reserva total do concello de solo para vivenda protexida (PRTC) de 4,36 %, pero ao ser a media para o conxunto de Galicia do 7,64%, aplicaríase esta porcentaxe. Establece o artigo 42.9 LSG que cando se produza unha variación de máis ou menos dous puntos porcentuais da porcentaxe de reserva total de solo para vivenda protexida do concello establecida no plan xeral respecto da última publicada, o Pleno do concello, por maioría absoluta, e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, deberá acordar a modificación das porcentaxes de reserva e axustalas á resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo (artigo 42.9 da LSG). Sendo a establecida na actualidade 6,40% e o PRTC publicado no 2024 4,36%, é necesario realizar o axuste, e este atópase en tramitación na actualidade.

Así, no caso do POL-35 “Mandín” (Iñás) haberá de aplicarse a porcentaxe de reserva que se atope vixente no momento de proceder á equidistribución do ámbito, e que sufrirá unha lixeira variación como consecuencia da modificación de porcentaxes aprobada polo IGVS.

b. Análise da avaliación ambiental estratéxica simplificada

Como se indicou previamente, o [Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros](#) foi aprobado definitivamente por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.

A normativa de referencia en materia de avaliación ambiental estratéxica é a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. Establece no seu artigo 6 dous tipos de avaliación estratéxica, a ordinaria e a simplificada. Con data NRE 2023015647, de 18 de agosto, o Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental comunicou ao Concello de Oleiros a Resolución pola que se formula o informe ambiental estratéxico do plan especial de reforma interior do POL-35 Mandín no Concello de Oleiros – expediente 2023AAE2798 – de data 4 de agosto de 2023, no que se acorda o non sometemento a avaliación estratéxica ordinaria, tramitándose esta polo tanto como avaliación estratéxica simplificada.

En canto á vixencia do informe ambiental estratéxico, amparará a aprobación do plan no prazo de 6 anos dende a publicación no diario oficial correspondente, prorrogable por dous anos máis.

c. Informe do arquitecto municipal

Transcríbense a continuación as conclusións do informe do arquitecto municipal asinado con data 13 de febreiro de 2025:



"CONCLUSIÓN:

Visto o anterior, infórmase que o documento nº 2025001570 de data 28.01.2025:

Cumpre co contido documental esixido polos artigos 184 do Regulamento da LSG.

Cumpre coas determinacións fixadas polo Plan Xeral.

Cumpre coas reservas de dotacións do artigo 42 da Lei 2/2016 e cos anteriores estándares do artigo 47 da lei 9/2002.

O documento xustifica o cumprimento da Lei de Comercio Interior e lexislación e normativa de accesibilidade e supresión de Barreiras arquitectónicas.

Previamente xa foi remitido o documento ó Ministerio de Transportes , Mobilidade e Axenda Urbana sendo informado favorablemente en relación coas servidumes aeronáuticas, por Resolución da DGAC de 25 de xaneiro de 2024.

De acordo co exposto. infórmase favorablemente o documento coa condición de que logo da aprobación inicial se incorpore na normativa urbanística (xa está incluído no DAE:

No artigo 7 a obriga de uso da guía de cores e materiais da área paisaxística do golfo ártabro e ...

No artigo 8 a necesidade de seguir os criterios da directrices da paisaxe (DX.06.f) e da guía de boas prácticas en intervencións de espazos públicos.

NECESIDADE DE INFORMES SECTORIAIS:

Con posterioridade a aprobación inicial será preciso remitir a informe de:

1. Confederación hidrográfica da conca.
2. Administración de Augas de Galicia por estar dentro dos 100 da servidume de protección do Rego de San Pedro.
3. Ministerio de Fomento por estar a parte sur do ámbito a menos de 50 metros da N-VI en la zona de afección da estrada.
4. Delegación do Goberno.
5. Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, pola ampliación da rede pública de comunicación electrónica.

(...)"

d. Informes dos servizos municipais e empresas subministradoras

De conformidade co establecido no artigo 160.3 e 162.g) RSG, a Administración urbanística competente responderá as consultas dos interesados sobre as obras que haberán de realizarse con cargo aos promotores para asegurar a conexión cos sistemas xerais exteriores á actuación.

Para ese efecto, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e distribuidoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos antes de iniciar a tramitación do plan. Transcorrido o prazo para a súa emisión, poderá continuarse co procedemento.

Trátase de garantir que o plan conta coas medidas necesarias e suficientes para garantir a adecuada conexión do sector cos sistemas xerais exteriores existentes e, no seu caso, que se realice a ampliación ou reforzo dos devanditos sistemas e dos equipamentos e servizos urbanos que vaian ser utilizados pola poboación futura. Igualmente, haberá de resolver as ligazóns coas estradas ou vías actuais e coas redes de servizos de abastecemento de auga e saneamento, subministración de enerxía eléctrica, telecomunicacións, gas e outros (artigo 68.g) da LSG). Os informes referidos figuran no documento, emitidos coas seguintes datas:

- 16.11.2022 R Cable e Telecable.
- 18.11.2022 Aquaoleiros (abastecemento de auga).
- 21.11.2022 Telefónica de España, S.A.U.
- 29.11.2022 Nedgia (Grupo Naturgy, gas).
- 21.12.2022 Departamento servizos municipais (saneamento)
- 17.01.2023 UFD Distribución Electricidade, S.A.

e. Tramitación administrativa da aprobación inicial do plan especial

- I. O art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local recoñece competencias aos Municipios en materia de ordenación urbanística, entre outras, recolléndose igualmente como competencia exclusiva no art. 27.3. da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia, nos termos que determinen as leis. En desenvolvemento do anterior, por parte da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia como do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro determínase como competencia dos Municipios a través das súas formas de goberno, a formulación e aprobación de Plans parciais e especiais de Ordenación que non desenvolvan Plans de Ordenación Inter municipal (arts. 74.1. da Lei e 185.1 do Regulamento).
- II. Establece o artigo 177 RSG que poderán formularse plans especiais, entre outras finalidades, para levar a cabo operacións de reforma interior, actuando sobre os ámbitos de solo urbano non consolidado para levar a cabo as operacións en que sexan necesarios procesos de urbanización, actuacións de reforma interior ou renovación



urbana e actuacións de dotación, e sobre os solos de núcleo rural nos cales se prevexan actuacións de carácter integral.

O PERI presentado para o desenvolvemento proposto ten a consideración de plan especial que desenvolve planeamento xeral ao concorrer as circunstancias do apartado 2 do art. 177 RSG, isto é:

- a) Que o seu ámbito apareza definido graficamente nos planos de ordenación do plan xeral de ordenación municipal, sen prexuízo dos axustes necesarios.
- b) Que o plan xeral de ordenación municipal estableza as determinacións relativas á ordenación xeral necesarias para a súa ordenación detallada.

A verificación das determinacións xerais a conter polo plan especial de acordo co art. 178 RSG foi realizada polo arquitecto municipal no seu informe.

- III. En canto á regulación específica de plans especiais de reforma interior, o art. 180 RSG establece que estes teñen por obxecto a execución de operacións de reforma en solo urbano non consolidado ou solo de núcleo rural, estean ou non previstas no plan xeral (artigo 72.1 da LSG). En todo caso o seu ámbito deberá estar delimitado no plan xeral, e a ordenación deste poderá estar remitida ao planeamento de desenvolvemento ou contida no propio plan. Os plans especiais de reforma interior deberán xustificar a existencia de medios necesarios para levalos a efecto e a adopción das medidas precisas que garantan a defensa dos intereses da poboación afectada.

O artigo 181 RSG establece que no solo urbano non consolidado, como o que nos ocupa poderán redactarse plans especiais de reforma interior coa finalidade, entre outras, de desenvolver ámbitos nos cales sexan necesarios procesos de urbanización. Para tal efecto son os instrumentos de planeamento de desenvolvemento adecuados para a transformación dos núcleos urbanos e a reconversión do espazo a efectos de substituír ou rehabilitar as construcións e instalacións inadecuadas, insalubres ou antiestéticas e crear as dotacións urbanísticas públicas necesarias, conservando, ao mesmo tempo, os elementos de interese arquitectónico ou urbanístico.

- IV. Os plans especiais de reforma interior conterán as determinacións adecuadas á súa finalidade. En solo urbano non consolidado incluírán, polo menos, as determinacións e a documentación propia dos plans parciais (artigo 72.2 da LSG), salvo que algún deles non sexa necesario por non gardar relación coa actuación. Estas determinacións foron comprobadas no informe técnico emitido polo arquitecto municipal, que verifica tamén que a documentación é completa e suficiente de acordo co artigo 184 RSG.

- V. En canto á lexitimación para a presentación do plan especial, cómpre indicar que o planeamento urbanístico é un dos aspectos da actividade urbanística nos que aínda que a súa formulación, tramitación e xestión corresponde ás administracións públicas, estas terán que asegurar a participación da cidadanía. O artigo 42 RSG establece que os propietarios do solo clasificado como urbanizable terán dereito a promover a súa transformación, solicitando ao Concello a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento de conformidade coa LSG e o PXOM, ou proceder ao seu desenvolvemento se xa está ordenado directamente no plan xeral.

O artigo 160 RSG establece que os particulares poderán formular e elevar á Administración competente para a súa tramitación, os plans parciais, plans especiais e estudos de detalle que se redacten en desenvolvemento do plan xeral, non obstante, o artigo 185 da mesma norma matiza que no caso de plans formulados polos particulares estes deberán cumprir o establecido nos artigos 159 e 160, isto é, ademais do anteriormente indicado:

- a) Determinar a obrigaón de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización (artigo 66.a) da LSG). No caso de que a obrigaón de conservación da urbanización corra a cargo dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización, indicárase o período de tempo ao que se estenderá dita obrigaón.
- b) Acreditar, no caso de plans elaborados por iniciativa particular, a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50 % da superficie do ámbito de plan (artigo 66.b) da LSG).

Se ben se cumpren os requisitos de lexitimación para a tramitación do instrumento obxecto deste informe, resulta necesario concretar con maior precisión a obriga de conservación da urbanización de cara á súa aprobación definitiva.

- VI. Solicitado informe aos servizos técnicos municipais, e comprobado o proxecto de Plan espeical, tivéronse en conta o obxecto e as determinacións previstas nos arts. 70 e 72 LSG, desenvolvidos á súa vez polos artigos 177 a 183 RSG, así como o contido documental contemplado no art. 184 RSG, tendo acomodo coa ordenación estrutural contida no plan xeral.

- VII. Segundo o disposto no art. 47.2. LSG e 86.2. RSG, «O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións do mesmo supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión». As determinacións contempladas no referido plan especial supoñen unha modificación do réxime urbanístico vixente para o ámbito territorial de incidencia, polo cal procede suspender o outorgamento de licenzas urbanísticas de parcelación de terreos, de edificación e de demolición en todo/parte do ámbito obxecto do presente informe.



- VIII. A teor do disposto nos artigos 75.1.a) LSG e 186.1.a) RSG, «o órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente notificarase individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados».
- IX. En canto á necesidade de solicitude de informes a entidades administrativas xestoras de intereses públicos, han de solicitarse os seguintes, de conformidade coa normativa vixente e o informe técnico emitido (anexo II táboa 1 do RSG):
- Delegación do Goberno, en aplicación do disposto na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
 - Augas de Galicia, en aplicación do artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, e por atoparse en zona de servidume de protección do Rego de San Pedro.
 - Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, artigo 50 da Lei 11/2024, do 28 de xuño, xeral telecomunicacións, pola ampliación da rede pública de comunicación electrónica.
 - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, artigo 34.3 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Informe da Demarcación de Estradas do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, pola afección da N-VI

Os informes deberán ser emitidos no prazo máximo de 3 meses, coa advertencia de que de conformidade co artigo 186.1.b) do Decreto 143/2016 e co artigo 75.1.b) da Lei 2/2016, transcorrido dito prazo entenderanse emitidos favorablemente e poderase proseguir coa tramitación do expediente.

f. Competencia para a aprobación do documento

A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, regula as competencias dos órganos municipais en orde á aprobación dos documentos de planeamento e xestión urbanística. Así, o artigo 22.1.c) establece que a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera destes instrumentos, será competencia do Pleno do Concello. E o artigo 21.1.j) da citada lei establece como competencia do alcalde as aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao pleno, así como as dos instrumentos de Xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

A aprobación inicial do documento do plan especial tería encaixe, xa que logo, no artigo 21.1.j) LRBRL, sendo competencia do Alcalde. Mentres que a aprobación definitiva sería unha aprobación que pon fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, polo que haberá de adoptase polo Pleno.

(...)"

Así, en vista dos informes emitidos e existentes no expediente, e en exercicio das facultades conferidas polo art. 21.1.j) LRBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o documento que a continuación se indica coas condicións que se sinalan:

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000024 (FG NÚM. 711)
DENOMINACIÓN	Plan especial de reforma interior do POL-35 (Mandín - Iñás)
ENTIDADE PROMOTORA	Sociedad Inmobiliaria MASAR, S.L. (B-15.243.959)
ENTIDADE REDACTORA	Oficina de Planeamiento, S.A. (A15030422)
OBXECTO DO INFORME	O documento ten por obxecto formular o PERI do POL-35 Mandín en Iñás, desenvolvendo as determinacións do PXOM e ordenando detalladamente o ámbito.
DATA E NRE ENTRADA	NRE 2025001570, de 28 de xaneiro



TRAMITACIÓN AMBIENTAL	Emitido informe ambiental estratéxico (IAE) en trámite de avaliación ambiental, procedendo a tramitación simplificada. NRE 2023015647, de 18 de agosto
INFORME TÉCNICO	Con data 13 de febreiro de 2025, emítase informe favorable á aprobación inicial, con condicións
CONDICIÓN PARA A APROBACIÓN (A EMENDAR PARA APROBACIÓN DEFINITIVA)	- No artigo 7 da normativa urbanística, o informe ambiental estratéxico establece a obriga de uso da guía de cores e materiais da área paisaxística do golfo ártabro - No artigo 8 da normativa urbanística, o informe ambiental estratéxico establece a necesidade de seguir os criterios da directrices da paisaxe (DX.06.f) e da guía de boas prácticas en intervencións de espazos públicos. - Haberá de terse en conta, de cara á equidistribución, a necesidade de aplicar a porcentaxe de reserva de vivenda de protección que se atope vixente no momento de iniciar a citada equidistribución, e que sufrirá unha lixeira variación como consecuencia da modificación de porcentaxes mínimas aprobada polo IGVS en agosto de 2024. - Haberá de establecerse con maior precisión a obriga de conservación da urbanización de cara á súa aprobación definitiva.

SEGUNDO.- Suspende o outorgamento de aprobacións, autorizacións e licenzas urbanísticas na área delimitada no proxecto do plan especial de reforma interior POL-35 Mandín (Iñás). A duración da suspensión comprende o prazo durante o cal se tramite o desenvolvemento urbanístico do ámbito.

TERCEIRO.- Someter o expediente ao trámite de información pública durante o prazo de DOUS MESES mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia.

CUARTO.- Notificar ás persoas titulares catastrais das parcelas do ámbito do plan especial e sistemas adscritos, se os houbera.

QUINTO.- Notificar á entidade promotora e á redactora.

SEXTO.- Solicitar os seguintes informes sectoriais con remisión do documento do plan especial en formato electrónico:

- Delegación do Goberno, en aplicación do disposto na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Augas de Galicia, en aplicación do artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, e por atoparse en zona de servidume de protección do Rego de San Pedro.



- c. Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo., artigo 50 da Lei 11/2024, do 28 de xuño, xeral telecomunicacións, pola ampliación da rede pública de comunicación electrónica.
- d. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, artigo 34.3 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- e. Informe da Demarcación de Estradas do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, pola afección da N-VI.

Os informes deberán ser emitidos no prazo máximo de 3 meses, coa advertencia de que de conformidade co artigo 186.1.b) do Decreto 143/2016 e co artigo 75.1.b) da Lei 2/2016, transcorrido dito prazo entenderanse emitidos favorablemente e poderase proseguir coa tramitación do expediente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde do Concello de Oleiros, don Ángel García Seoane, e a Secretaría accidental, dona María Pilar Cela Álvarez, que da fe (asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

